



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2026/G003/000006

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Modificación do Regulamento especial de honras e distincións.

A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obrigatoriedade de establecer anualmente un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevexan aprobar para o ano seguinte.

Unha vez aprobado o Plan anual normativo de 2025, publicouse no Portal de Transparencia do Concello de Sada, dando publicidade así ás necesidades postas de manifesto ben por esta alcaldía ben polas diferentes concellarías ou departamentos para a ova regulación de materias competencia do Concello de Sada ou para a realización de modificacións nalgúñas existentes, ben dunha forma puntual ou ben dunha forma substancial que se determinará cando se proceda coa tramitación de cada expediente. Considerando que en relación á nova regulación por regulamento denominada “REGULAMENTO ESPECIAL DE HONRAS E DISTINCIÓNS” elaborouse unha moción, presentada polo grupo municipal do PP, no pleno ordinario celebrado o 30 de outubro do 2025 e que constitúe unha forma diferente de iniciar o expediente de modificación da ordenanza, e polo tanto, de especificar os aspectos sinalados no art. 133.1 da lei 39/2015, que poden argumentarse no seguinte, á luz do texto incorporado:

“a) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa: actualizar o regulamento con carácter xeral e principalmente para nominar as medallas do municipio como “Medallas Mimina”.

b) Necesidade e oportunidade da súa modificación: consta moción de urxencia presentada no pleno do 30 de outubro de 2025 e desfase da normativa existente.

c) Obxectivos da norma: promover a acción cultural e social e logo de contemplar ao longo dos anos numerosas personalidades que naceron, viviron ou viven na Vila, sendo esta escenario da súa obra e do seu legado, patrimonio intelectual, artístico, cultural, deportivo, etc. Recoñecer talentos de onte e de hoxe, embaixadores de Sada alá onde as súas obras ou accións chegan, denominándose a distinción “Medalla Mimina” en recoñecemento á artista e empresaria sadense Dona Carmen Arias, coñecida como Mimina.

d) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias: para dar solución ás pretensións marcadas polo pleno pódese ou derogar a norma existente e crear unha nova, derogala e remitir cada nominación a acordo plenario ou ben realizar a modificación da existente, opción pola que se optou.

Polo que é preciso substanciar unha consulta pública, a través do portal web do Concello para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da mesma. En función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local,



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

RESOLVO:

Primeiro.- Abrir un prazo de cinco días hábiles de consulta pública a través do portal web do Concello de Sada para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca do acordo plenario adoptado o 30 de outubro de 2025 trala presentación dunha moción de urxencia, que se reproduce na certificación.

Segundo.- Publicar a presente resolución e a certificación na web e no portal de transparencia, computándose o prazo dende o día da publicación para realizar as aportacións que se consideren oportunas a través do rexistro de entrada do Concello, ben presencialmente, ben telematicamente ou a través de calquera dos medios establecidos no art. 16.4 da lei 39/2015.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e o secretario accidental, Juan Esteban Méndez Leiva.